



1. FESTIVIDADE DE SAN RAIMUNDO DE PEÑAFORT: 06.02.2015

O **venres, 6 de febreiro**, celebraremos a festividade de San Raimundo de Peñafort, que terá o seguinte programa:

- 18.00 h Misa en lembranza dos compañeiros finados.
- 19.00 h Actos solemnes no Salón Nobre do Pazo de Fonseca:
 - ❖ Entrega das **medallas de ouro** do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela:
 - o Categoría de «avogados/as»: D. José Seoane Iglesias (avogado, ex-decano do ICA de Ferrol e ex-presidente do CAG)
 - o Categoría de «non avogados/as»: D. Luis Aláez Legerén (xuíz do Xulgado Penal núm. 1 de Santiago de Compostela)
 - ❖ Entrega do **VI Premio de Dereitos Humanos**: D. Ignacio Mirás Fole (Nacho Mirás, xornalista)
 - ❖ **Xura** de novos letrados e letradas
- 20.00 h Viño de honra no claustro do Pazo de Fonseca
- 22.00 h Cea-baile no hotel Puerta del Camino

Nunha próxima circular informarase do menú, prezos e lugar da misa.

2. CONVOCATORIA DE XUNTA XERAL (1ª/2015)

De acordo co establecido no artigo 90 do Estatuto do Ilustre Colexio de Avogados e nos artigos 55 e seguintes do Estatuto xeral da avogacía española, a Xunta de Goberno, na sesión do día 08.01.2015, tomou o acordo de convocar a xunta xeral ordinaria (primeira do 2015) para o vindeiro **28 de xaneiro de 2015, ás 20:00 h**, no salón de actos deste colexio, consonte a seguinte:

ORDE DO DÍA

1. Recensións que realizará o decano sobre os acontecementos máis significativos que tiveron lugar o ano anterior en relación co colexio.
2. Exame e votación da conta xeral de gastos e ingresos do exercicio anterior.
3. Propositions.
4. Rogos e preguntas.